

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR PARA O ANO 2022

(Ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020”

Sistema selectivo: CONCURSO – OPOSICIÓN

(Categorías profesionais: Xefe de Brigada, Peón condutor e Peóns de Brigada)

1º.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal laboral temporal, a tempo completo, para cubrir as prazas necesarias para a constitución no municipio do Pereiro de Aguiar dunha (1) Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, composta de cinco membros:

- 1 Xefe de Brigada
- 3 Peóns de Brigada
- 1 Peón - Condutor con carné de conducir clase B

Esta contratación estará subvencionada pola Consellería do Medio Rural ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as as establecidas no “Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020”, asinado con data do 20 de xuño de 2022.

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar no taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

2º.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato de traballo será de persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de contrato de duración determinada que resulte necesario para a execución de programas de carácter temporal cuxo financiamento proveña de fondos da Unión Europea (D.A.5ª do Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo).

A duración do contrato será de **tres meses**, segundo o disposto no dito Convenio interadministrativo.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo.



As retribucións mensuais brutas a percibir segundo as categorías dos postos de traballo (incluída a parte proporcional das pagas extras) serán as seguintes:

PERSOAL BRIGADA INCENDIOS	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)
Xefe de Brigada	III	100,00%	1.726,76
Peón condutor	V	100,00%	1.348,85
Peón de brigada	V	100,00%	1.348,85

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

O horario de traballo virá determinado polo establecido no Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017) e segundo o que dispoña o distrito XII Miño – Arnoia (Ourense) da Consellería do Medio Rural – Xunta de Galicia.

3º.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

- a) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Estar en posesión do **permiso de conducir** clase B, ter mais de 25 anos de idade e ter mais de 3 anos de antigüidade de carné de conducir, no suposto dos postos de traballo de Xefe de Brigada e de Peón – Condutor.

O requisito da idade e da antigüidade é unha esixencia das compañías aseguradoras dos vehículos todoterreo que por Convenio está obrigada a dotar a entidade local a cada brigada, durante todo o período de operatividade.

- c) **Titulación esixida:**
- Para o posto de Xefe de Brigada: enxeñería de Montes, enxeñería Técnica Forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.
 - Para o Peón – condutor e os Peóns de Brigada: Certificado de escolaridade ou equivalente.
- d) **Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveza o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao



que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

- e) **Capacidade:** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo e o recoñecemento médico que deberá realizar previamente á contratación, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar (a non presentación con levará a perda do posto de traballo).

No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- f) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.
- g) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- h) **Acreditar o ingreso** da cantidade fixada como dereitos de exame xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Todos os requisitos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo, de acordo co previsto no artigo 18.2 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.

4º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1. As instancias solicitando formar parte da presente convocatoria presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello do Pereiro de Aguiar, no Rexistro Xeral do Concello, de acordo co preceptuado no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común, durante o prazo de **TRES DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Ourense (BOP), na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do concello, sendo o horario de presentación da documentación o seguinte:

- de luns a venres: de 08:30 a 15:00 horas.

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico (rrhh@concellopereiro.com), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

2. O modelo de solicitude figura como Anexo I das presentes bases. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación indicada no artigo 5 das mesmas.



Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste concello.

5º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

I.- Os/as aspirantes deberán achegar, xunto coa solicitude, e con carácter obrigatorio os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- b) Fotocopia do título esixido ou resguardo de ter abonado os dereitos para a súa expedición (artigo 3º).
- c) Fotocopia do carné de conducir en vigor – B (artigo 3º).
- d) Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2) (artigo 9º).
- e) Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das presentes bases.
- f) Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº 288 do 17-12-2014), de acordo co seguinte detalle:

“- Tarifa sexta.- Persoal laboral temporal e funcionarios interinos: 10,00 €.”

O pago da taxa realizarase mediante ingreso en efectivo na conta bancaria de titularidade municipal seguinte:

ES92 2080 5326 9530 4000 9033

En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude de participación en tempo e forma.

A falta de pago da taxa no prazo sinalado anteriormente (artigo 3º), determinará a exclusión do/a aspirante ás probas selectivas.

Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó/a interesado/a.

g) Documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

II. Acreditación de méritos:

A. Cursos de Formación: o certificado ou diploma de asistencia ao curso con indicación do número de horas lectivas (organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública).

B. Experiencia na administración pública: deberá xustificarse co certificado expedido polo órgano da administración con competencia na materia, onde constará a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase, con expresión do tempo que o viñese desempeñando e relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño deste.



C. Experiencia profesional fóra do ámbito da administración pública: deberá xustificarse mediante o **contrato de traballo**, nóminas ou certificado de empresa, onde conste o período, grupo de cotización e a denominación do posto de traballo que ocupa ou ocupase; **acompañado do certificado de vida laboral actualizada** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada).

As copias acreditativas dos méritos presentados deberán ser cotexadas, sen prexuízo de que, en calquera momento, se poderán requirir os documentos orixinais destas. Calquera diferenza entre o documento orixinal e a súa fotocopia, suporá a non validez do mérito alegado e a exclusión definitiva do proceso selectivo, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar. Así mesmo, os orixinais poderán requirirse aos/as interesados/as seleccionados/as en calquera momento do proceso selectivo e, en todo caso, ao ser chamados para formalizar o correspondente contrato.

Caso de non achegar os devanditos orixinais/fotocopias compulsadas ou non coincidir estes coas fotocopias correspondentes, quedará automaticamente excluído.

6º.- ADMISIÓN. RECLAMACIÓN. SUBSANACIÓN OU EMENDA DE ERROS.

- I. Admisión de Aspirantes.
Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará Resolución coa lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión.
- II. Reclamacións. Subsanación ou emenda de erros.
 1. Publicadas as listas de aspirantes provisionais no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste concello, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións ás mesmas, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.
 2. As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.
 3. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.
 4. Dada a urxencia das contratacións o prazo de presentación de reclamacións será de **dous días hábiles** a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes provisionais no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello do Pereiro de Aguiar.
 5. Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. alcalde ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data da celebración da proba selectiva e da proba de galego, de ser o caso, que se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.
No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora das probas selectivas, publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.
No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.



7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores, non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, cos/coas seus/súas correspondentes suplentes. Ao abeiro do artigo 59.4 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, as persoas membros dos órganos de selección, á excepción do Secretario/a, deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A composición do Tribunal Cualificador determinarase na Resolución de Alcaldía de aprobación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó proceso selectivo.

Os integrantes do Tribunal Cualificador deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal Cualificador resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. Igualmente poderán requirir a asistencia de colaboradores/as que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

As resolucións do Tribunal Cualificador vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concurrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.



8º.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O sistema de selección dos aspirantes será o de **concurso – oposición**.

FASE DE OPOSICIÓN.- Valorarase ata un **máximo de 12 puntos**.

PROBA DE COÑECEMENTOS.

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en:

- Categoría de Xefe de Brigada

Contestar a un máximo de 30 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.

Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar.

As respostas non contestadas non terán valoración.

As respostas erróneas non penalizan.

TEMARIO

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas empregadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual

Tema 3.-Traballo en Incendios Forestais

Tema 4.- Funcións de todos os membros que compoñen a brigada na prevención e defensa contra incendios forestais

Tema 5.- O Pladiga 2022

Tema 6.- Zonificación do territorio nos distritos forestais

Tema 7.- Xerarquía dentro do distrito forestal

Tema 8.- O incendio forestal, o comportamento do lume e a propagación do incendio.

Tema 9.- Extinción dos incendios forestais. Métodos de ataque directo e indirecto. Liña de defensa. A liña de control.

Tema 10.- Ferramentas utilizadas na extinción de IF. Mantemento das mesmas.

Tema 11.- Maquinaria lixeira Uso da motoserra e da rozadoira.

Tema 12.- Radiocomunicacións nos incendios forestais. Estrutura organizativa. Canles dunha emisora. Sistemática da comunicación. Manexo e mantemento dos equipos de comunicación. Rede TETRA.

Tema 13.- Primeiros auxilios.

Tema 14.- O municipio do Pereiro de Aguiar: Configuración xeográfica. Límites. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais.

- Categoría de Peón - Conductor con carné de conducir clase B

- Contestar a un máximo de 30 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.



O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.

Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar.

As respostas non contestadas non terán valoración.

As respostas erróneas non penalizan.

- Proba práctica dirixida a constatar o grado de coñecemento no manexo, mecánica e mantemento dos vehículos todoterreo.
Esta proba cualificarase de apto/non apto.

TEMARIO

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas empregados tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 4.- Funcións de todos os membros que forman a brigada na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 5.- Primeiros auxilios.

Tema 6.- O municipio do Pereiro de Aguiar: Configuración xeográfica. Límites. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais.

- Categoría de Peóns de Brigada

Contestar a un máximo de 30 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.

Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar.

As respostas non contestadas non terán valoración.

As respostas erróneas non penalizan.

TEMARIO

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas empregados tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 4.- Funcións de todos os membros que forman a brigada na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 5.- Primeiros auxilios.

Tema 6.- O municipio do Pereiro de Aguiar: Configuración xeográfica. Límites. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais.



FASE DE CONCURSO.- Valorarase ata un máximo de 8 puntos.

A) **EXPERIENCIA PROFESIONAL:** ata un máximo de 5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de **vida laboral actualizada** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e **copia dos contratos de traballo** ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) **FORMACIÓN:** Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 3 puntos.

- | | | |
|----|--------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 50 horas: | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 20 e 50 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 20 horas: | 0,10 puntos/curso |

A formación dos/as traballadores/as acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de oposición e de concurso.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

9º.- REQUISITOS LINGÜÍSTICOS. COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA.



O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón igualmente a realización dun exame de galego, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia.

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

10º.- CUALIFICACIÓN FINAL. PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR. RELACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.

Finalizado o procedemento selectivo e establecido polo Tribunal Cualificador a orde de preferencia, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web (www.concellopereiro.com), non podendo declarar que foron seleccionados/as un número maior de aspirantes que postos de traballo convocados.

A partir do día seguinte á publicación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello do Pereiro de Aguiar, os/as aspirantes disporán dun prazo de **2 días hábiles** para alegar contra dita baremación, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal Cualificador, elevará a definitiva a baremación, e formulará proposta da persoa seleccionada que obtivese unha maior puntuación total no proceso selectivo, para que a Alcaldía, cando estime oportuno, dite resolución de contratación, cando as necesidades do concello así o requiran e creación dunha bolsa de reserva.

No caso de que exista empate entre dous o máis aspirantes na puntuación final, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición, e despois dentro da fase de concurso:

1º Maior puntuación por experiencia na mesma categoría á que se opta no Concello do Pereiro de Aguiar, ou noutra administración pública, e se isto non fora suficiente.

2º Maior puntuación por experiencia na mesma categoría á que se opta na empresa privada.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados/as.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.

11º.- REALIZACIÓN DA PROBA FÍSICA DE ESFORZO, APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

I. PROBA FÍSICA DE ESFORZO



Os/as aspirantes seleccionados/as realizarán con carácter previo á formalización do contrato de traballo a proba física de esforzo e o recoñecemento médico, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

A non realización da proba física de esforzo conlevará a exclusión da listaxe das persoas seleccionadas ao abeiro do presente proceso selectivo.

A proba física de esforzo será de carácter eliminatorio.

II. APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os/as aspirantes seleccionados/as que superen a proba física de esforzo e o recoñecemento médico deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.(ANEXO II)
- Certificación da superación da proba física de esforzo e o recoñecemento médico que garante a óptima condición de saúde para o traballo a desenvolver (a non presentación conlevará a perda do posto de traballo).
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN)

III. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

A tipoloxía contractual será a dun contrato laboral temporal a tempo completo, na modalidade de contrato de duración determinada que resulte necesario para a execución de programas de carácter temporal cuxo financiamento proveña de fondos da Unión Europea (D.A.5ª do Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo), co período de proba legalmente establecido.

Tódolos compoñentes da brigada, aínda que xa o recibisen en anos anteriores, realizarán un curso teórico – práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso (enxeñeiro/a de montes ou enxeñeiro/a técnico/a forestal).

O programa de formación a impartir ao persoal que participe nas labores de vixilancia e extinción de incendios (brigadistas e motobombistas) incluírá, segundo a cláusula quinta do dito convenio, alomenos os seguintes contidos:

- A prevención e a defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h.
- Ferramentas, 1 h.
- Extinción e liquidación, 1,5 h.
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 h.
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h.
- Primeiros auxilios, 2 h.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 h.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h.
- EPI e comunicacións, 1 h.
- Seguridade e saúde e partes, 1 h.
- Medios aéreos de embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h.



As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

12º.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período da contratación subvencionada pola Consellería do Medio Rural ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir (baixas, etc).

No suposto de que a este Concello se lle concedera outra/s Brigada/s de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, composta de cinco membros:

- 1 Xefe de Brigada
- 3 Peóns de Brigada
- 1 Peón - Conductor con carné de conducir clase B

A cobertura do persoal de dita/s Brigada/s realizarase co/s aspirante/s que figuren na listaxe de reserva que se estableza ao remate do presente proceso selectivo.

Unicamente se procederá a convocar un novo proceso selectivo para a cobertura de efectivos de sucesivas Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022 no caso de esgotar a antedita listaxe de reserva.

13º.- LEXISLACIÓN.

No non previsto nestas bases, será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada



- Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común de las Administraciones Públicas.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Convenio Colectivo do Concello do Pereiro de Aguiar nº 32/100/122012017 (B.O.P. núm. 242 do 20.10.2017).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

14º.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello do Pereiro de Aguiar, con sede na Praza do Concello, núm. 1, 32710 O Pereiro de Aguiar (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

15º.- CARÁCTER VINCULANTES DAS BASES.

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

16º.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.



17º.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web (www.concelloperreiro.com).

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O alcalde,

Luís Menor Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.

A) DATOS DO SOLICITANTE.

NOME E APELIDOS:	
-------------------------	--



NIF / NIE:		NACIONALIDADE:	
DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:			
LOCALIDADE:		CÓDIGO POSTAL:	
PROVINCIA:			
TELÉFONO:		TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			

EXPÓN: Que informado da convocatoria efectuada polo Concello do Pereiro de Aguiar para a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, conforme aos supostos previstos no artigo 15 do vixente Estatuto dos Traballadores.

SOLICITA: Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

PRAZA SOLICITADA:

- Xefe de Brigada
- Peón - Conductor con carné de conducir clase B
- Peóns de Brigada

AUTORIZA: Ao Concello do Pereiro de Aguiar para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

LUGAR, DATA E FIRMA.

No Pereiro de Aguiar, _____ de _____ de 2022
Asdo.: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.

En cumprimento da LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello do Pereiro de Aguiar, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.

ANEXO II.- DECLARACIÓN XURADA.



D./D^a. _____,
co DNI _____, con domicilio a efectos de notificación en
_____.

DECLARA

baixo xuramento ou promete:

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

No Pereiro de Aguiar, a _____ de _____ de 2022

O/A solicitante,

Asdo: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

